



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMBRE

*Publicación edicto padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 correspondente ao mes de setembro 2024*

##### ANUNCIO

**Publicación edicto padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 correspondente ao mes de setembro 2024.**

Por resolución da concelleira delegada núm. 533/2025 de data 4 de xuño de 2025, acordouse:

**Primeiro:** Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 correspondente ao mes de setembro 2024 que comprende 266 recibos e 144 cotas cero por un importe total de mil trescentos trece euros con trece céntimos (1.313,13 €).

**Segundo:** Expor ao público os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación e no Portal de Transparencia. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuintes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante o dito padrón estará a disposición do público nas oficinas do Departamento de Deportes sitas na rúa Río Barcés núm. 6.

**Terceiro:** Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 01/07/2025 a 01/09/2025, ambos os dous incluídos. Transcurrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que legalmente procedan e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema, de acordo co previsto nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes nos cinco primeiros días do período voluntario de pago.

**Cuarto:** Dar conta da presente resolución á Intervención e á Tesourería municipal a través da plataforma TEdC.

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público dos padróns. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, desde a notificación da resolución expresa, ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

A data de cargo dos recibos domiciliados será o 1 de xullo.

Cambre, 4 de xuño de 2025.

O concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico  
PD ( RA núm.389/2025, do 30 de abril)

Rubén Vázquez Pérez